

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións

outubro 2017 / xuño 2018 - Castelo de Santa Cruz (Oleiros)

6ª EDICIÓN!



OBXECTIVOS

A facilitación é unha disciplina innovadora cuxa finalidade é axudar aos grupos a volverse máis efectivos. Mediante un conxunto de habilidades, técnicas e ferramentas, o facilitador/a traballa para crear as condicións que permitan o desenvolvemento satisfactorio dos procesos grupais, tanto na consecución dos seus obxectivos e realización da súa visión, como na creación dun clima onde reine a confianza e a comunicación fluída, empática e honesta.

Este curso axudarache a mellorar os espazos de reunión e toma de decisións, a creatividade e intelixencia colectiva, a comunicación, a xestión de conflitos, as dinámicas de poder e liderado, ou a xestión emocional grupal, entre outros moitos aspectos.

DIRIXIDO A

Educadoras/es, facilitadoras/es, mediadoras/es, emprendedoras/es sociais, xestores, activistas sociais, animadores/as socioculturais, participantes de organizacións interesadas en mellorar o seu funcionamento grupal ou en como facilitar cambios positivos e satisfactorios nas súas organizacións, grupos ou comunidades, dunha forma participativa, innovadora e potenciando a diversidade.

INTERÉSACHE SE...

- parte do teu tempo o pasas en grupos.
- traballas en equipo e/ou organizacións sociais.
- queres mellorar a participación na túa empresa ou organización.
- queres aprender a xestionar os conflitos grupais.
- queres explorar outros xeitos de relacionarte contigo mism@, cos demais e coa túa contorna.

8 módulos - 150 horas - inicio preinscrición: 13/07/2017 - prazas limitadas

INFÓRMATE EN: www.ceida.org - 981 630 618 - formacion@ceida.org